

INSCRICIÓNS DE NACEMENTO

- Deberá inscribirse ao recentemente nado no Rexistro Civil da localidade do nacemento.
- Só poderá inscribirse no Rexistro Civil da localidade distinta ao nacemento se ambos os proxenitores estiveren empadroados no momento do nacemento na devandita localidade.
- Establécense unha serie de **prohibicións** relativas ao nome quedando prohibidos:
 - a) Os nomes que obxectivamente prexudiquen á persoa.
 - b) Aqueles que puidesen confundir na identificación da persoa.
 - c) Os que induzan a erro en canto ao sexo.
- Como apelidos, **unicamente** poderanse inscribir (art. 49.2 Lei 20/2011):
 - a) Como primeiro apelido do nado: o primeiro do pai e como segundo apelido sería o primeiro da nai.
 - b) Como primeiro apelido do nado: o primeiro da nai e como segundo apelido sería o primeiro do pai.

Deberase pedir cita previa a través da páxina Xustiza.gal.

- **Trámite: "Nacementos"**. O horario de atención ao público para este trámite será de luns a venres de 12:00 a 14:00 horas.

*No caso de tratarse dunha inscrición de nacemento fóra de prazo (máis de 30 días desde a data de nacemento) deberá pedirse cita no trámite "Outros expedientes".

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ APORTAR:

- DNI, NIE ou pasaporte de ambos os proxenitores do recentemente nado.
- Libro de Familia, se o houber.
- Cuestionario de declaración de nacemento no Rexistro Civil, debidamente cuberto e asinado pola matrona ou médico e a nai. (Folla amarela, recóllese no Hospital).

- Certificación do Hospital conforme este non realizou a inscrición no Rexistro Civil.
- Boletín Estatístico de Parto, que se facilitará polas oficinas do Rexistro Civil.
- Certificado de empadramento en Pontevedra de ambos os proxenitores no caso de que o nacemento producíse en outra localidade diferente a Pontevedra.
- Nos seguintes supostos, a nai deberá achegar a documentación seguinte:
 - a) **Nai separada legalmente ou divorciada:** certificado de matrimonio anterior onde conste a separación legal ou divorcio.
 - b) **Nai viúva:** certificado do seu anterior matrimonio e certificado de defunción do seu anterior marido.

POSIBLES SUPOSTOS:

1. Proxenitores casados:

- a) Sendo este o seu primeiro nado: Deben comparecer ambos os proxenitores.
- b) Con fillo común anterior a este: Pode comparecer un só proxenitor.

2. **Nai monoparental:** Debe comparecer a nai e deberá acreditar o seu estado civil.

3. **Proxenitores estranxeiros:** Deben comparecer ambos proxenitores, aportarán certificado de matrimonio do seu país legalizado e, no seu caso traducido, se o houber.

4. **Nado noutra localidade:** Deben comparecer ambos proxenitores e aportarán certificado de empadramento de ambos.

Ambos proxenitores deben comparecer sempre que:

- a) A nai é solteira.
- b) A nai é separada legalmente ou divorciada.
- c) A nai é viúva.